

HISTORIA DUNOURIZO



-*- Curto para traballar os valores -*-

Enlace para visualizar o curto: <https://www.youtube.com/watch?v=OEbISInby9Y>

Este curto ensínanos que as persoas temos trazos que nos fan **DIFERENTES**, pero estes non deben ser motivo de **SEGREGACIÓN**, senón de **RIQUEZA**.

O **RESPECTO** ás diferenzas axúdannos a ser máis **TOLERANTES**. Sempre hai que buscar motivos para **INCLUÍR** e **ACEPTAR** os demais porque nos achegarán moitas cousas boas.

1. Ordena as seguintes secuencias segundo sucedan na película:

___ Un esquío busca unha solución para que o ourizo poida xogar co resto de animais: protexer a súas púas con trouciños de cortiza.

___ Un ourizo chega novo ao colexio e dispónse a facer novas amizades.

___ As pugas, que fan o ourizo único e especial, xa non serán un impedimento para xogar cos seus amigos.

___ Os compañeiros e compañeiras do ourizo non queren xogar nin aproximarse a el porque os incomodan as súas púas. O ourizo séntese rexeitado e moi triste.

2. Escribe cada palabra coa súa definición: **INCLUSIÓN – SEGREGACIÓN**

- Consiste en separar a unha persoa dun grupo porque a consideran diferente aos demais:

- Consiste en aceptar as persoas para que formen parte dun grupo, sexan cales sexan as súas diferenzas:

3. Pensa en ti mesmo e contesta con sinceridade:

Coñeces algunha persoa que fora rexeitada por ser diferente? Explica o caso.

Como te sentirías se os teus compañeiros e compañeiras te rexeitaran por algún motivo?

Unha persoa que sexa moi diferente a ti, pódete achegar cousas boas? Cales?
